

VI. A GUERRA, UNHA FORMA DE VIDA

Quen hai tan necio que prefira sen motivo a guerra ás bondades da paz? Na paz os fillos dan sepultura os seus pais, e na guerra son os pais quen a dan os seus fillos.

HERÓDOTO, *Historia* I, 87, 4

No he venido a pelear obligado por los belicosos teucros, pues en nada se me hicieron culpables —no se llevaron nunca mis vacas ni mis caballos, ni destruyeron jamás la cosecha en la fértil Ptía, criadora de hombres, porque muchas umbrías montañas y el ruidoso mar nos separan— sino que te seguimos a ti, grandísimo insolente, para darte el gusto de vengaros de los troyanos a Menelao y a ti, cara de perro.

HOMERO, *Iliada* I 148 ss.



❑ GUERREIROS DE PROFESIÓN

A guerra no mundo antigo era unha realidade cotiá que afectaba a todos os Estados. Poucos foron os anos que non houbo guerra, e a paz era inestábel e pouco duradeira. Loitábase por dominar as mellores terras, por defender as fronteiras, por controlar as ruta comerciais, pola hexemonia sobre os demais, ou simplemente por vinganza ou medo. Moitos dos fenómenos sociais do mundo clásico explícanse pola presenza constante da guerra: a escravitude, porque ese era o destino habitual dos prisioneiros, e a posición secundaria da muller, porque se cría que eran incapaces para a o oficio das armas.

De todas as **guerras míticas** a máis coñecida foi a de **Troia**, nas que os gregos ou aqueos loitaron contra os troianos por recuperar a Helena, esposa de Menelao, e raptada polo príncipe Paris. Neste conflito participaron tamén os deuses apoiando a un ou a outro bando, e acabou coa destrución da cidade. O poeta grego Homero compuxo sobre este asunto un poema inmortal: *Ilíada*.

Gregos e romanos pasaron case toda a súa historia loitando. En Grecia, durante século e medio (490-338 a.C.), houbo guerras contra os persas e guerras entre gregos. En Roma, o templo de Xano (latín, *Ianus*), cuxas portas abertas simbolizaban a guerra, só estivo pechado dúas veces entre os séculos VII e I a.C. Para se protexeren construíron murallas, torres de vixilancia e toda clase de fortificacións. Os exércitos ao principio estaban compostos polos propios cidadáns, mais co tempo apareceron os soldados profesionais e mercenarios que combatían por diñeiro. No mundo romano o servizo de armas ocupaba unha parte moi importante da vida: un lexionario romano debía estar movilizado durante vinte anos.

O botín ou prea era o móbil principal da guerra para a aristocracia. Na época máis antiga, tanto en Grecia como en Roma, era decisivo conseguir a victoria polo prestixio que proporcionaba dentro da sociedade. Morrer en combate proporcionaba gloria inmortal aos caídos, para ele erguíanse monumentos funerarios e os poetas compoñían cancións. En Roma existía o triunfo, unha cerimonia na que os xenerais vitoriosos desfilaban exhibindo os trofeos e os prisioneiros.

A guerra constituíu tamén un tema principal na literatura clásica. A **épica** cantaba os heroes e as súas accións; a **lírica** celebraba as vitorias; a **historia** contaba as batallas.

De todos os estados gregos, Esparta destacou por ser completamente diferente. Un grupo reducido de homes era adestrado dende a infancia no exercicio das armas e adicaban a súa vida á milicia e á guerra. Dominaban sobre unha poboación máis numerosa, os hilotas, que eran os encargados de mantelos co seu traballo.

❑ AS GRANDES GUERRAS

a) Guerra cos persas (*Guerras Médicas*)

Ao comezo do s. V a.C. o imperio persa invadiu as cidades gregas ameazando así a súa independencia. Un enorme imperio cun número enorme de soldados enfrontouse a unha coalición grega capitaneada por Atenas e Esparta, porén venceron os gregos en batallas memorables como **Maratón**, **Salamina** ou **Platea**, a pesar de ter sido derrotados nas **Termópilas**. A victoria reforzou o papel de Atenas como poder hexemónico e convertiu en mito esa xeración de homes que vencera o inimigo chegado de Asia.

b) Guerra do Peloponeso

Na segunda metade do s. V a.C. Atenas e Esparta enfrontáronse nunha guerra de trinta anos polo control dos estados gregos e do mar Exeo. Atenas tiña vantaxe no mar, Esparta era mellor no exército de terra. Unha peste e unha fracasada expedición naval acabaron co poder de Atenas e Esparta pasou a ser a potencia dominante.

c) Guerras púnicas

A expansión romana polo Mediterráneo chocou logo cos cartaxineses ou púnicos do norte de África. Enfrontáronse en tres guerras durante os séculos III e II a.C. O xeneral cartaxinés

Haníbal chegou ata as portas de Roma e derrotou os romanos en catro batallas. Con todo, Roma foi quen de resistir e, ao final da terceira guerra, a cidade de Cartago foi destruída polas tropas de Escipión Emiliano.

d) Guerras civís

Os grandes xenerais romanos acadaran gran prestixio nas gueras de conquista. Pompeio triunfará en Oriente contra os reis do Ponto, de Armenia e de Siria, e limpará de piratas o Mediterráneo oriental. Xulio César conquistará toda a Galia en pouco tempo e pacificará as provincias occidenctais. Enfrontáronse entre si e venceu César, mais logo foi asasinado. O conflito continuou entre Octavio e Marco Antonio, que loitaron pola hexemonía. A vitoria de Octavio, coñecido historicamente como Augusto, supuxo o fin da República e o comezo do Imperio.

■ O IMPERIALISMO ROMANO

O imperialismo romano foise formando nun longo proceso de conquista e sometemento de cidades, pobos e reinos moi diferentes entre si. O tipo de relación que se establecía entre Roma e os territorios conquistados variaba; por iso tamén eran diferentes a administración e a forma de goberno de cada territorio.

Análise dun documento histórico:

Britania, a Gran Bretaña actual, fora xa invadida por César, mais non foi ata o reinado de Claudio que o sur do país pasou a ser provincia romana. No 61, o levantamento dirixido pola raíña Boudicca, foi derrotado, e o resto do país foi pouco a pouco conquistado ata Escocia, especialmente entre 78 e 86 cando o goberno lle foi confiado a Xulio Agrícola, sogro de Tácito, que compuxo a súa biografía. No fragmento que segue cóntasenos como Agrícola intentou pacificar e romanizar o país.

Por otra parte, buen conocedor del natural de la provincia y al mismo tiempo instruido por la experiencia ajena de cuán poco sirven las armas si van acompañadas de injusticias, decidió erradicar las causas de la guerra.

Aligeraba las exacciones de trigo y los tributos con un reparto más equitativo de las cargas, suprimiendo sistemas que, inventados para el lucro, se toleraban peor que los mismos tributos.

En efecto, con el fin de que aquellas gentes, dispersas y rudas, y por consiguiente belicosas, se habituaran a la vida tranquila y ociosa rodeada de placeres, los incitaba en privado y oficialmente con ayudas para que construyeran templos, plazas y casas, alabando a los diligentes y reprendiendo a los perezosos, de suerte que al estimular su amor propio evitaba recurrir a la coacción.

Además hacía educar en las artes liberales a los hijos de los jefes, y apreciaba más las dotes naturales de los britanos que la formación cultural de los galos, de modo que quienes al principio rechazaban la lengua de Roma, empezaban a ambicionar su elocuencia. Más tarde fue un signo de distinción vestir a nuestra manera, generalizándose el uso de la toga. Poco después cedieron a la fascinación de los vicios, a los pórticos, a los baños y a los refinamientos de los banquetes. En su ignorancia llamaban a esto civilización, cuando no era más que un aspecto de su esclavitud.

TÁCITO, *Vida de Julio Agrícola* 19-21
Traducción de Beatriz Antón Martínez. Akal/Clásica

* Que deixan entrever os dous primeiros párrafos sobre o comportamento habitual dos gobernadores das provincias recentemente conquistada?

* Cales son os medios de romanización que se mencionan?

* Cal é a opinión de Tácito sobre esta política?



IMPERIO ROMANO NA SÚA MÁXIMA EXTENSIÓN E DIVISIÓN DO 395 d.C.

Despois de Augusto sucedéronse unha morea de emperadores, con figuras destacadas como os hispanos Traxano e Hadriano. Con todo administrar este enorme territorio non foi fácil. Ao final do reinado de Teodosio, o imperio foi dividido en dous: o imperio romano de Oriente e o imperio romano de Occidente, e administrado por unha tetrarquía: dous gobernantes para cada parte.

O parte occidental, con capital en Roma, sucumbiu no ano 476 d.C. polas invasións xermánicas, mentres que a oriental, con capital en Bizancio (depois chamada Constantinopla e hoxe Istambul), resistiu ata 1453, cando a foi conquistada polo turcos.

O imperio Bizantino combinou a tradición clásica e os Cristianismo, non padeceu as invasións xermánicas e puido desenvolverse con prosperidade durante mil anos máis.

A cultura bizantina, de lingua grega, conservou e transmitiu legado clásico a Occidente, especialmente despois da conquista, pois os mestres bizantinos instaláronse en Italia, onde promoveron escolas de grego e edicións de textos, dándoo a coñecer así á Europa occidental. Este período coñécese como Renacemento. Por outra banda, a expansión de turcos e árabes liquidou as rutas

comerciais con Oriente e foi necesario buscar unha nova ruta para chegar á India e á China. Esta busca levou ao descubrimento de América, promocionado polo reino de Castela, e a apertura da ruta á India polo sur de África, fazaña do navegador portugués Vasco da Gama durante o reinado de D. Manuel I.

En moitos aspectos a división de Teodosio é aínda patente: os territorios orientais son cristiáns ortodoxos e utilizan –con excepcións- o alfabeto cirílico, derivado do grego, mentres que a zona occidental é cristiá romana e escribe co alfabeto latino, que é o que usamos nós.